

O TRABALLO ESCRITO: PARTES.

1	PORTADA	Modelos de portada¹					
2	ÍNDICE	- Localización. Ao comezo do traballo (tras a portada) ou ao final (tras a bibliografía). - Utilidade. Servir de guía para un manexo rápido e cómodo do traballo. - Debe indicar os apartados (e subapartados). Na marxe dereita vai o número da páxina en que comeza cada parte.					
3	CORPO DO TRABALLO	3.1.- Introducción.	- Localización. Vai tras o índice -cando este segue á portada- ou tras a portada. - Utilidade. Presentar de forma breve, clara e atraente o tema do traballo. - Tres posibilidades: <table><tr><td>Introdución-cita</td><td>Introdución-síntese</td><td>Introdución-interrogante</td></tr></table> Ver nota final²	Introdución-cita	Introdución-síntese	Introdución-interrogante	
		Introdución-cita	Introdución-síntese	Introdución-interrogante			
		3.2.-Desenvolvemento (exposición).	Exposición clara e argumentada do tema principal e da información recollida, con apartados e subapartados. Poden inserirse citas ³ .				
3.3.- Conclusión (recapitulación).	Resumo ordenado dos principais aspectos do exposto anteriormente no traballo escrito. Unha conclusión debería: 1. Resaltar a importancia da tese. 2. Dar á redacción un sentido de integridade, e 3. Deixar unha impresión final no lector. Estratexias para escribir unha conclusión: <table><tr><td>Recordar a introdución</td><td>Formular preguntas</td><td>Mirar ao futuro</td></tr></table> Poden combinarse. Ver nota final⁴		Recordar a introdución	Formular preguntas	Mirar ao futuro		
Recordar a introdución	Formular preguntas	Mirar ao futuro					
4	BIBLIOGRAFÍA WEBGRAFÍA	<table><tr><td>Libro</td><td>Gándara, Lola (2002): <i>A escura luz do Tíber</i>, A Coruña, Rodeira.</td></tr><tr><td>Artigo</td><td>Neira, Enrique (1999): “Contos en CD-ROM: aventuras redondas”, <i>Fadamorgana</i>, nº 3, 44-48.</td></tr></table> Títulos: uso de comiñas e cursiva⁵.		Libro	Gándara, Lola (2002): <i>A escura luz do Tíber</i> , A Coruña, Rodeira.	Artigo	Neira, Enrique (1999): “Contos en CD-ROM: aventuras redondas”, <i>Fadamorgana</i> , nº 3, 44-48.
Libro	Gándara, Lola (2002): <i>A escura luz do Tíber</i> , A Coruña, Rodeira.						
Artigo	Neira, Enrique (1999): “Contos en CD-ROM: aventuras redondas”, <i>Fadamorgana</i> , nº 3, 44-48.						

Ver nas notas finais:

1. Modelos de portada.
2. Introducción.
3. Citas.
4. Conclusión.
5. Bibliografía. Títulos: uso de comiñas e cursiva.

¹ MODELOS DE PORTADA.

Modelo 1	Modelo 2
IES SOFÍA CASANOVA LINGUA GALEGA E LITERATURA OS POETAS DO REXURDIMENTO LUÍS PÉREZ LÓPEZ 4º ESO B Xuño, 2010	OS POETAS DO REXURDIMENTO LUÍS PÉREZ LÓPEZ 4º ESO B Xuño, 2010

² INTRODUCCIÓN. Presentación. Estratexias:

Introdución-cita	Introdución-síntese	Introdución-interrogante
Utilízase unha frase ou cita para presentar o tema do traballo.	Anticípase as partes do traballo.	Suxírense, mediante preguntas, os contidos básicos do traballo.
As linguas de Europa Introdución “O idioma é a chave coa que abrimos o mundo”, dixo o poeta Manuel María. Con este espírito iniciamos o presente estudo/traballo/exposición, que abrangue...	As linguas de Europa Introdución Neste estudo/traballo/exposición presentamos unha visión xeral das linguas faladas en Europa. Centrarémonos especialmente nas linguas románicas...	As linguas de Europa Introdución Cantas linguas se falan en Europa? En que familia se encadra a lingua galega? O presente estudo / traballo / exposición parte destas interrogantes...

³ CITAS

- Unha cita é un fragmento dunha obra que reproducimos literalmente.

O nome de lugar *Anllo* provén da voz latina ANGULO. Así o testemuña o toponimista Fernando Cabeza:

“Se *Anllóns* pode provir de ANGULONES, propoñemos unha etimoloxía parecida para *Anllo*, o cal, a partir de ANGULU, podería referirse a un meandro, ‘ángulo’ ou curva dalgunha corrente fluvial”. Cabeza Quiles, F. (2000: 15)*.

*Tamén se pode indicar o nome do autor da cita a pé de páxina.

- Se poñemos outra cita do mesmo autor, en vez do nome podemos poñer *Íbidem* e a páxina onde se encontra a cita.
P.e., se engadimos a continuación da anterior outra cita de Cabeza Quiles, podemos substituír o nome por *Íbidem*, p. 15.
- Os datos completos da obra que se cita aparecen no apartado de bibliografía:
Cabeza Quiles, Fernando (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Noia, Toxosoutos.
- Nunca se deben reproducir fragmentos de obras sen citalas.
- Non deben recargarse os traballos cun número excesivo de citas.
- As citas deben reproducir palabra por palabra o texto orixinal. Se unha parte do texto orixinal non se reproduce, colocamos no seu lugar tres puntos suspensivos entre parénteses: (...)

“Non quero ferir con esto á susceptibilidade de naide, anque á decir verdade, ben poidera perdonarsell' este pequeno desafogo á quen tan ferida foy de todos. Mais eu qu' atravesei repetidas veces aquelas soledades de Castilla, que dan idea d' ó deserto; eu que recorrín á feraz Estremadura y á estensa Mancha (...) eu non podo menos bulranse d' esta Galicia competidora en clima e galanura c'os países mais encantadores da terra, ”. Rosalía de Castro (1863).

⁴ CONCLUSIÓN.

Recordar a introdución.	Formular preguntas.	Mirar ao futuro.
Retomando a introdución crearíase unha estrutura circular→ O texto comezaría cun argumento/escenario, e remataría co mesmo argumento/escenario. Serviría para probar a utilidade da súa redacción na creación dunha nova comprensión do tema tratado.	Formular preguntas (aos lectores ou en xeral) pode: a) Axudar os lectores a gañar unha nova perspectiva no tema (non contemplada antes de ler a conclusión), ou b) Unir as ideas principais para crear un novo sentido.	Mirar ao futuro pode: a) Influír no proceso de pensamento dos lectores: pode axudalos a aplicar a nova información ás súas vidas ou a ver cousas máis globalmente, ou b) Resaltar a importancia da súa redacción.

⁵ BIBLIOGRAFÍA. TÍTULOS: USO DE COMIÑAS E CURSIVA.

Comiñas:

- Capítulo dun libro.
- Poema “Unha vez tiveron un cravo”.
- Relato “O fidalgo”.Artigo (de prensa ou ensaístico).

Cursiva:

- Libro: *A esmorga. A escura luz do Tíber*.
- Publicación periódica (periódicos, revistas...: *La voz de Galicia; Fadamorgana*).
- Atlas, tese, dicionario: *Diccionario Castelán-Galego da Real Academia Galega*.
- Enciclopedia, colección, actas de congresos.

Así, un artigo nunha revista:

García del Castillo, J. *et alii* (1957): "Sobre el habla de la Cabrera Baja", *Trabajos sobre el dominio románico leonés*, I, Madrid, Gredos, 87-128.

* Cando os autores do libro son varios, podemos optar por:

- 1.-Indicar todos os apelidos e nomes.
- 2.-Indicar todos os apelidos e só as iniciais dos nomes.
- 3.-Indicar o apelido e nome do primeiro seguido da expresión latina *et alii*.

Material tirado de Rodeira 4º ESO, Rodeira 2º Bacharelato.